

3.4. ■ ■ ■ construcción

A análise da construcción estructúrase en tres grandes apartados nos que se presentan, dunha banda, unha primeira aproximación á situación deste sector a partires dunha serie de indicadores básicos como a producción, a poboación ocupada, a licitación pública por data de apertura, a producción e consumo de cemento, e a construcción de vivendas.

Para a análise destas variables, as fontes de información empregadas son a Contabilidade Trimestral de Galicia, a Enquisa de Poboación Activa, Seopan e Oficemen.

Posteriormente, preséntanse os datos característicos das vivendas en Galicia e a súa comparación co total estatal (número de vivendas, superficie, número de edificios, presupuesto de execución e prezo medio) a partir dos datos do Ministerio de Fomento.

Finalmente, analizaranse as variables económico-financeiras das 3.709 empresas pertencentes ó sector de construcción e obras públicas segundo a metodoloxía empregada por Ardán.

Indicadores básicos da construcción

O sector da construcción, a pesares da forte ralentización rexistrada en 2002, segue a se-lo sector da economía galega que máis crece, cunha medra, en termos reais, do 3,1% respecto á actividade de 2001 (neste ano medrara un 4,8% en relación ó ano anterior). Dende unha perspectiva trimestral, a amortiguación da actividade constructora é continua ó longo de todo o ano 2002, pasando dunha taxa interanual de crecemento do 3,5% ó 3,1% do derradeiro trimestre do ano. (**cadro 1.2.1. PIB galego e español 2001-02: taxas de variación**).

O VEB a prezos básicos (prezos correntes) xerado por este sector ascendeu en 2002 a 3.489,0 millóns de euros (8,1% superior ó do ano 2001), o que representa en torno ó 6% do total xerado polo conxunto do Estado.

A **poboación ocupada** na construcción medrou no último ano en 3,1 miles de persoas (un 2,4%), acadando as 133,4 miles de persoas en

■ CADRO 3.4.1.

Licitación pública de tódalas Administracións 2001-02

| | 2001 (en millóns de €) | 2002 (en millóns de €) | 02/01 (%) |
|-------------------------------|---------------------------|---------------------------|--------------|
| A Coruña | 443,0 | 447,3 | 1,0 |
| Lugo | 115,7 | 273,5 | 136,5 |
| Ourense | 124,7 | 87,1 | -30,2 |
| Pontevedra | 361,3 | 508,0 | 40,6 |
| Varias provincias e/ou CC.AA. | 1,0 | 1,6 | 58,4 |
| Total | 1.045,7 | 1.317,5 | 26,0 |
| España | 22.946,9 | 26.236,2 | 14,3 |
| G/E (%) | 4,6 | 5,0 | |

Fonte: SEOPAN

2002. Comparado co total estatal, a importancia relativa da ocupación no sector foi do 12,4% en 2002, unha décima superior á rexistrada no ano anterior.

A **licitación pública** de tódalas Administracións por data de apertura de ofertas creceu en Galicia, ó longo de 2002, a un ritmo do 26,0%, sendo esta medra do 14,3% no conxunto do Estado. A licitación pública ascendeu en Galicia a 1.317,5 millóns de euros (o 5,0% do total estatal), dos que 358,7 millóns de euros corresponden á licitación pública en edificación e 958,7 millóns de euros, á licitación pública da obra civil.

Comparada coas outras comunidades autónomas, no ano 2002 Galicia é a sexta comunidade en termos de licitación pública total, por detrás de Cataluña, C. Valenciana, Andalucía, Madrid e Castela A Mancha.

No que á desagregación provincial se refire, o **cadro 3.4.1.** amosa que o valor territorializado da licitación pública ascendeu a 1.315,9 millóns de euros, dos que un 38,6% (508,0 millóns de euros) corresponden a provincia de Pontevedra, e un 34,0% a A Coruña (447,3 millóns de euros). Comparado co ano anterior, tódalas provincias agás Ourense, cunha caída da licitación de 37,6 millóns de euros (un 30,2% menos), experimentan unha medra da súa licitación pública de tódalas administracións, sendo de 157,9 millóns de euros (136,5% máis) en Lugo, e de 146,7 millóns de euros (40,6%) en Pontevedra.

Atendendo ós diferentes tipos de obra, **cadro 3.4.2.**, a licitación oficial na obra civil

medrou un 53,0% respecto ó mesmo período do ano anterior, acadando os 958,7 millóns de euros en Galicia (o 72,8% do total licitado en Galicia). Tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, o subsector transportes é o máis importante en canto ó total licitado, acollendo en torno o 56,9% do total licitado en Galicia e o 40,8% no conxunto do Estado.

Na provincia de Pontevedra a licitación pública en obra civil ascendeu a 453,4 millóns de euros (o 40,4% do total galego) representando o 89,2% do total licitado na provincia. En A Coruña licitou obras por un valor de 321,3 millóns de euros, o que representa o 36,7% do total licitado en obra civil en Galicia, sendo a súa porcentaxe sobre o total licitado na provincia do 71,8%.

O total licitado en Galicia no caso da edificación ascendeu a 358,7 millóns de euros, o que significa un descenso do 14,4% respecto ó mesmo período do ano anterior, fronte ó crecemento no conxunto do Estado do 6,5%. A provincia de Lugo acolleu o 50,9% do total licitado en edificación en Galicia (160,2 millóns de euros), seguida de A Coruña, co 25,8% (126,1 millóns de euros).

No caso da **licitación pública das administracións autonómicas**, o **cadro 3.4.4.** reflicte que a Xunta de Galicia licitou obras por un valor de 567,4 millóns de euros, dos que 331,3 millóns corresponden á licitación pública en obra civil e os restantes 236,1 millóns de euros á obra en edificación. Atendendo á evolución seguida respecto ó ano anterior, Galicia experimenta unha medra do 14,9% mentres que o conxunto das

CADRO 3.4.2.

Licitación pública (1) de todas Administraciones nas CC.AA. 2002: distribución segundo tipo de obra

| Vivenda | | Total | | Docentes | | Educativo e Social | | Deportivas | | Varias | | Total | | Resto Edificación | | Industriais | | Terminais | | Repárovans | | |
|--------------------|------------|-------|------------|----------|------------|--------------------|------------|------------|------------|--------|------------|-------|------------|-------------------|------------|-------------|------------|-----------|------------|------------|------------|------|
| | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | | % Tot.C.A. | |
| Andalucía | 72,3 | 2,6 | 379,0 | 13,5 | 102,2 | 3,6 | 47,5 | 1,7 | 101,6 | 3,6 | 1277 | 4,5 | 182,5 | 6,5 | 111,0 | 3,9 | 54,0 | 1,9 | 17,5 | 0,6 | 173,7 | 6,2 |
| Aragón | 23,5 | 2,1 | 158,0 | 14,1 | 22,6 | 2,0 | 34,3 | 3,1 | 27,9 | 2,5 | 73,3 | 6,5 | 37,1 | 3,3 | 186 | 1,7 | 172 | 1,5 | 1,3 | 0,1 | 47,7 | 4,3 |
| Asturias | 24,5 | 2,9 | 61,9 | 7,4 | 5,4 | 0,6 | 16,8 | 0,7 | 20 | 2,0 | 25,7 | 3,1 | 2,2 | 0,3 | 1,2 | 0,1 | 22,4 | 1,2 | 0,1 | 49,3 | 5,9 | |
| Baleares | 34,6 | 8,4 | 107,2 | 26,2 | 21,3 | 5,2 | 44,4 | 10,8 | 18,6 | 4,5 | 23,0 | 5,6 | 14,9 | 3,6 | 9,0 | 2,2 | 0,8 | 0,2 | 5,1 | 1,2 | 32,5 | 7,9 |
| Canarias | 5,9 | 0,7 | 148,8 | 17,8 | 13,0 | 1,6 | 43,8 | 5,2 | 28,2 | 3,1 | 65,8 | 7,9 | 62,9 | 7,5 | 36,7 | 4,4 | 19,7 | 2,4 | 6,4 | 0,8 | 98,2 | 11,8 |
| Cantabria | 4,4 | 0,8 | 49,2 | 9,2 | 10,6 | 2,0 | 20,5 | 1,2 | 20,5 | 3,8 | 2,3 | 0,4 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 1,9 | 0,4 | 1,9 | 0,4 | 9,7 | 1,8 | |
| Castela e León | 18,0 | 1,1 | 232,2 | 14,2 | 30,2 | 1,8 | 35,5 | 2,2 | 38,0 | 2,4 | 127,6 | 7,8 | 43,9 | 2,7 | 17,0 | 1,0 | 23,0 | 1,4 | 3,8 | 0,2 | 80,9 | 5,0 |
| Castela-A Mancha | 26,6 | 2,5 | 245,0 | 23,1 | 63,3 | 6,0 | 73,7 | 7,0 | 22,6 | 2,1 | 65,4 | 8,1 | 45,8 | 4,3 | 7,4 | 0,7 | 38,3 | 3,6 | 0,1 | 0,0 | 34,6 | 3,3 |
| Cataluña | 221,0 | 3,2 | 688,0 | 9,9 | 163,6 | 2,4 | 133,0 | 1,9 | 133,0 | 2,0 | 285,4 | 3,7 | 197,4 | 2,8 | 67,9 | 1,0 | 32,5 | 0,5 | 97,0 | 1,4 | 238,2 | 3,4 |
| C. Valenciana | 39,3 | 1,3 | 1.090,4 | 36,1 | 393,1 | 13,0 | 338,9 | 11,2 | 94,4 | 3,1 | 264,0 | 8,7 | 218,8 | 7,2 | 48,7 | 1,6 | 96,3 | 2,4 | 72,8 | 1,2 | 78,3 | 2,6 |
| Estremadura | 10,5 | 1,3 | 46,5 | 5,9 | 28,1 | 3,6 | 8,0 | 1,0 | 2,3 | 0,3 | 8,2 | 1,0 | 5,5 | 0,7 | 1,5 | 0,2 | 3,0 | 0,1 | 3,0 | 0,4 | 15,0 | 1,9 |
| Galicia | 22,7 | 1,7 | 210,1 | 15,9 | 12,2 | 0,9 | 133,4 | 10,1 | 19,2 | 1,5 | 45,2 | 3,4 | 41,7 | 3,2 | 3,1 | 2,4 | 10,0 | 0,8 | 0,6 | 0,0 | 84,3 | 6,4 |
| Madrid | 121,8 | 5,1 | 589,6 | 23,9 | 144,6 | 6,1 | 7,8 | 0,3 | 119,8 | 5,0 | 297,3 | 12,5 | 93,3 | 3,9 | 36,7 | 1,5 | 0,3 | 0,0 | 56,3 | 2,4 | 184,5 | 7,7 |
| Murcia | 2,0 | 0,5 | 99,7 | 26,5 | 40,1 | 10,6 | 12,5 | 3,3 | 15,1 | 4,0 | 32,0 | 8,5 | 10,0 | 2,7 | 9,5 | 2,5 | - | - | 0,5 | 0,1 | 40,6 | 10,8 |
| Navarra | 4,6 | 1,3 | 89,0 | 25,9 | 15,8 | 4,6 | 24,6 | 7,2 | 33,0 | 9,6 | 15,5 | 4,5 | 9,7 | 2,8 | - | - | - | - | - | 17,1 | 5,0 | |
| Pais Vasco | 57,6 | 4,7 | 366,0 | 30,1 | 33,9 | 2,8 | 31,2 | 2,6 | 61,7 | 5,1 | 293,3 | 19,7 | 47 | 13,5 | 1,6 | 1,4 | 0,1 | 35,8 | 2,9 | 46,6 | 4,0 | |
| A Rioxa | - | - | 48,0 | 16,8 | 12,0 | 4,2 | 5,9 | 2,1 | 24,0 | 8,4 | 5,4 | 1,9 | 4,9 | 1,7 | 0,4 | 0,1 | 0,1 | 0,0 | 108,1 | 37,8 | | |
| Ceuta e Melilla | - | - | - | 2,0 | 2,2 | 0,1 | - | - | 0,2 | 0,2 | 1,7 | 1,9 | 14,1 | 15,8 | - | - | 5,9 | 6,6 | 8,2 | 9,2 | 8,6 | |
| Várias comunidades | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 13,2 | 5,8 | |
| Total | 689,1 | 2,6 | 4.590,5 | 17,5 | 1.121,1 | 4,2 | 989,8 | 3,8 | 769,9 | 2,9 | 1.730,8 | 6,6 | 1.067,5 | 4,1 | 432,5 | 1,6 | 278,6 | 1,1 | 356,4 | 1,4 | 1.361,2 | 5,2 |

| Total | | % Tot.C.A. | | Estradas | | Transportes | | Ferrocarris | | Portos | | Urbanización | | Hidráulicas | | Total Edificación | | Total Obra Civil | | Total Xeral | | |
|--------------------|----------|------------|---------|----------|---------|-------------|-------|-------------|---------|--------|---------|--------------|---------|-------------|---------|-------------------|---------|------------------|----------|-------------|----------|----------|
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Andalucía | 1.229,1 | 43,7 | 942,7 | 33,5 | 123,2 | 4,4 | 163,2 | 5,8 | 271,0 | 9,6 | 507,8 | 18,0 | 507,8 | 18,0 | 196,1 | 17,5 | 287 | 2,7 | 2.007,8 | 71,3 | 2.815,3 | 1,120,7 |
| Aragón | 478,8 | 42,7 | 305,8 | 27,3 | 173,0 | 15,4 | - | - | 178,5 | 16,0 | - | - | 286,3 | 23,8 | 80,8 | 85,4 | 762 | 680,4 | 80,8 | 841,9 | 409,7 | |
| Asturias | 498,7 | 59,2 | 321,7 | 38,2 | 134,7 | 16,0 | 42,8 | 5,1 | 98,6 | 11,8 | 82,1 | 9,8 | 161,4 | 19,2 | 188,2 | 46,2 | 220,5 | 53,8 | 315,8 | 37,8 | 520,1 | 62,2 |
| Baleares | 87,3 | 21,3 | 56,3 | 13,7 | - | - | 30,9 | 7,6 | 76,7 | 18,7 | 56,6 | 13,8 | 103,0 | 13,0 | 76,6 | 9,2 | 66,6 | 12,3 | 468,3 | 87,7 | 533,9 | 835,9 |
| Canarias | 34,5 | 40,0 | 220,3 | 26,4 | - | - | - | - | 114,2 | 13,7 | 103,0 | 13,0 | 45,9 | 8,6 | 111,6 | 20,9 | 375,0 | 23,0 | 1.256,8 | 77,0 | 1.631,8 | 1,060,8 |
| Castela e León | 89,0 | 54,5 | 737,5 | 47,4 | 116,3 | 7,1 | - | - | 0,0 | 19,0 | 116 | 17,6 | 248,5 | 23,4 | 351,9 | 33,2 | 708,3 | 66,8 | 1.060,8 | 1.060,8 | | |
| Castela-A Mancha | 398,0 | 37,5 | 351,5 | 33,2 | 46,4 | 4,4 | - | - | 61,9 | 5,8 | 1.077,5 | 15,5 | 1.446,8 | 20,9 | 1.345,5 | 19,4 | 5.391,1 | 80,6 | 6.933,6 | 6.933,6 | | |
| Cataluña | 3.066,8 | 44,2 | 1.086,2 | 15,3 | 1.942,8 | 28,0 | 65,8 | 0,9 | 499,1 | 14,4 | 435,6 | 14,4 | 499,1 | 16,5 | 1.423,9 | 47,2 | 1.956,3 | 52,8 | 3.022,2 | 78,0 | | |
| C. Valenciana | 600,6 | 21,9 | 305,3 | 10,1 | 255,7 | 9,5 | 63,6 | 2,3 | - | - | 75,5 | 1,0 | 67,9 | 8,6 | - | - | 77,5 | 9,8 | 709,5 | 90,2 | 1.137,5 | 1.137,5 |
| Estremadura | 634,0 | 80,6 | 581,2 | 73,9 | 52,8 | 6,7 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 358,7 | 27,2 | 958,7 | 72,8 | 2.385,8 | 2.385,8 |
| Galicia | 749,3 | 56,9 | 473,0 | 35,9 | 208,2 | 15,8 | 68,1 | 5,2 | 147 | 11,1 | 63,7 | 4,8 | - | - | - | - | 969,1 | 40,6 | 1.167,5 | 59,4 | 376,7 | 376,7 |
| Madrid | 704,1 | 29,5 | 167,1 | 7,0 | 537,0 | 22,5 | - | - | 494,6 | 20,7 | 218,1 | 9,1 | - | - | - | - | 1.203 | 35,0 | 223,2 | 65,0 | 343,5 | 343,5 |
| Murcia | 45,3 | 12,0 | 39,2 | 10,4 | 0,8 | 0,2 | 5,4 | 1,4 | 75,8 | 20,1 | 103,3 | 27,4 | - | - | - | - | 528,9 | 43,5 | 688,0 | 66,5 | 1.276,9 | 1.276,9 |
| Navarra | 85,8 | 25,0 | 84,3 | 24,6 | 1,5 | 0,4 | - | - | - | - | 58,1 | 16,9 | - | - | - | - | 159,0 | 13,1 | 124,7 | 43,6 | 286,2 | 286,2 |
| Pais Vasco | 256,9 | 21,3 | 95,9 | 7,9 | 80,4 | 6,6 | 82,6 | 6,8 | - | - | 270,1 | 22,2 | - | - | - | - | 50,0 | 17,5 | 161,5 | 56,4 | 88,8 | 88,8 |
| A Rioxa | 48,9 | 17,1 | 48,9 | 17,1 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 116,5 | 24,7 | 74,7 | 64,1 | 228,8 | 228,8 |
| Ceuta e Melilla | 36,7 | 41,4 | 21,7 | 24,5 | - | - | - | - | - | - | 15,0 | 27,1 | 30,5 | 0,3 | 0,3 | 0,3 | - | 14,1 | 215,6 | 94,2 | - | - |
| Várias comunidades | 197,3 | 86,2 | 19,4 | 8,5 | 177,9 | 77,8 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 18,4 | 8,0 | - | - | - | - |
| Total | 10.714,9 | 40,8 | 6.146,0 | 23,4 | 3.899,1 | 14,9 | 669,8 | 2,6 | 3.693,6 | 14,1 | 4.116,3 | 15,7 | - | - | - | - | 7.708,4 | 29,4 | 18.327,8 | 70,6 | 26.236,2 | 26.236,2 |

(1)segundo dato de apertura das ofertas

Fonte: SEOPAN

CADRO 3.4.3.

Licitación pública (1) de todas Administraciones 2001-02: distribución segundo tipo de obra

| Tipo de obra | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
|---------------------|----------------------------|--------------|----------------------------|--------------|----------------------------|--------------|----------------------------|--------------|
| | 2001 (en millones de €) | 2002 (%) |
| | 2001 (en millones de €) | 2002 (%) |
| Vivienda | 8.4 | 15.0 | 79.0 | 5.9 | 5.2 | -12.3 | 2.4 | 0.6 |
| Equipamiento social | 139.1 | 45.4 | -67.4 | 12.0 | 138.2 | 1048.6 | 52.0 | 2.7 |
| Resto edificación | 14.2 | 29.8 | 110.6 | 1.9 | 2.1 | 11.2 | 0.7 | 5.1 |
| Reparaciones | 51.5 | 35.8 | -30.4 | 11.5 | 14.7 | 27.7 | 11.3 | 9.6 |
| Transporte | 116.8 | 240.1 | 105.6 | 40.1 | 73.3 | 82.6 | 18.8 | 35.1 |
| Urbanización | 87.6 | 67.4 | -23.1 | 21.8 | 20.8 | -4.6 | 14.6 | 17.7 |
| Hidráulicas | 25.5 | 13.8 | -45.8 | 22.5 | 19.4 | -13.8 | 24.9 | 16.3 |
| Total edificación | 213.2 | 126.1 | -40.9 | 31.3 | 160.2 | 411.0 | 66.4 | 17.9 |
| Total obra civil | 229.8 | 321.3 | 39.8 | 84.3 | 113.4 | 34.4 | 58.3 | 69.2 |
| Total | 443.0 | 447.3 | 1.0 | 115.7 | 273.5 | 136.5 | 124.7 | 87.1 |
| | | | | | | | -30.2 | 361.3 |
| | | | | | | | | 508.0 |
| | | | | | | | | 40.6 |

(1) segundo dato de apertura das ofertas
Fonte: SEO-PAN

CADRO 3.4.4.
Licitación pública (1) das Administracións autonómicas 2002: distribución segundo tipo de obra

| Vivenda | | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Equipamento social | | Deportivas | | Varias | | Total % TIC.A. | Resto Edificación | Industriais | Terminais | Reparacións |
|------------------|----------|----------------|----------|--------------------|----------|------------|----------|-------------|----------|----------------|-------------------|-------------|-----------|-------------|
| | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Docentes | % TIC.A. | Sanitarias | % TIC.A. | Desportivas | % TIC.A. | Administ. | % TIC.A. | % TIC.A. | % TIC.A. | % TIC.A. |
| Andalucía | 43,7 | 5,7 | 117,1 | 15,3 | 37,9 | 4,9 | 24,7 | 3,2 | 44,4 | 10,1 | 90,1 | 11,7 | 87,7 | 2,3 |
| Aragón | 16,5 | 10,0 | 74,7 | 45,1 | 20,5 | 12,4 | 25,5 | 15,4 | 3,3 | 2,0 | 55,3 | 1,0 | 0,8 | 81,9 |
| Asturias | 24,5 | 12,9 | 146,0 | 8,4 | 3,9 | 2,0 | 6,0 | 3,1 | 0,1 | 1,3 | 0,6 | 0,5 | 0,2 | 24,7 |
| Baleares | 23,7 | 18,3 | 44,6 | 34,4 | 4,2 | 3,2 | 40,3 | 31,1 | - | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 14,9 |
| Canarias | - | - | 68,3 | 31,0 | 10,5 | 4,8 | 42,4 | 19,2 | - | 0,2 | 0,1 | 0,4 | 0,3 | 9,3 |
| Cantabria | 4,4 | 2,8 | 27,1 | 17,1 | 10,3 | 6,5 | 4,5 | 2,8 | 11,1 | 7,0 | 15,5 | 7,0 | 5,5 | 17,8 |
| Castela e Mancha | - | - | 146,1 | 56,5 | 50,5 | 19,6 | 71,2 | 27,5 | 7,4 | 2,9 | 17,0 | 6,6 | - | 3,8 |
| Castela e León | 10,0 | 2,2 | 117,6 | 26,2 | 30,0 | 6,7 | 22,0 | 4,9 | 3,2 | 0,7 | 62,5 | 13,9 | 2,8 | 12,6 |
| Cataluña | 134,5 | 3,8 | 231,0 | 65 | 122,3 | 3,4 | 67,4 | 19 | 5,1 | 0,1 | 36,1 | 1,0 | 59,8 | 0,6 |
| C. Valenciana | 38,3 | 2,4 | 868,8 | 52,8 | 375,0 | 23,1 | 322,8 | 19,8 | 17,5 | 1,1 | 143,5 | 8,8 | 32,5 | 5,9 |
| Estrémadura | 10,5 | 2,4 | 43,7 | 9,9 | 27,8 | 6,3 | 8,0 | 1,8 | 0,8 | 0,2 | 1,6 | 5,0 | 0,9 | 20,2 |
| Galicia | 22,6 | 4,0 | 153,2 | 27,0 | 69 | 1,2 | 127,7 | 22,5 | 4,6 | 0,8 | 140 | 2,5 | 15,9 | 1,6 |
| Madrid | 7,6 | 2,1 | 131,0 | 37,0 | 99,8 | 20,2 | 0,7 | 0,2 | 6,5 | 1,8 | 240 | 6,8 | 4,8 | 44,4 |
| Murcia | 2,0 | 1,4 | 46,5 | 32,2 | 36,8 | 25,5 | 9,6 | 6,7 | - | - | 1,6 | 1,1 | 1,3 | 7,8 |
| Navarra | - | - | 30,6 | 25,2 | 6,8 | 5,6 | 20,8 | 17,1 | - | - | 3,0 | 2,5 | - | - |
| Pas Vasco | 41,1 | 20,2 | 39,7 | 19,5 | 31,8 | 15,6 | 6,0 | 3,0 | - | 0,9 | 3,9 | 1,9 | 3,4 | 5,3 |
| A Rioxa | - | - | 20,6 | 14,6 | 10,1 | 7,2 | 5,9 | 4,2 | - | 4,6 | 3,3 | 0,7 | 0,6 | 4,7 |
| Total | 379,3 | 4,0 | 2.166,5 | 22,8 | 885,2 | 9,3 | 805,3 | 8,5 | 104,2 | 1,1 | 371,8 | 3,9 | 387,2 | 4,1 |

| Transportes | | Estradas % TIC.A. | | Ferrocarris % TIC.A. | | Portos % TIC.A. | | Urbanización % TIC.A. | | Hidráulicas % TIC.A. | | Total Edificación % TIC.A. | | Total obra Civil % TIC.A. | | |
|------------------|----------|-------------------|----------|----------------------|----------|-----------------|----------|-----------------------|----------|----------------------|----------|----------------------------|----------|---------------------------|----------|-------|
| | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | Total % TIC.A. | % TIC.A. | |
| Andalucía | 184,6 | 24,1 | 181,7 | 23,7 | - | - | 2,9 | 0,4 | 65,0 | 8,5 | 184,6 | 24,1 | 332,8 | 43,4 | 434,2 | 56,6 |
| Aragón | 16,6 | 10,0 | 16,6 | 10,0 | - | - | - | - | 12,7 | 7,7 | 19,6 | 11,8 | 116,8 | 70,5 | 165,7 | 767,0 |
| Asturias | 64,3 | 33,7 | 54,6 | 28,6 | - | - | 9,7 | 5,1 | 27,9 | 14,6 | 38,9 | 20,4 | 59,5 | 31,2 | 131,1 | 190,5 |
| Baleares | 3,0 | 2,3 | 3,0 | 2,3 | - | - | - | - | 2,3 | 1,8 | 42,3 | 32,7 | 81,8 | 47,7 | 36,8 | 125,5 |
| Canarias | 33,8 | 15,3 | 21,1 | 9,6 | - | - | 12,7 | 5,8 | 13,1 | 5,9 | 10,4 | 4,7 | 163,1 | 74,0 | 163,1 | 220,4 |
| Cantabria | 45,1 | 28,4 | 30,6 | 24,9 | - | - | 5,5 | 3,5 | 11,4 | 7,2 | 65,2 | 41,1 | 37,0 | 23,3 | 121,6 | 159,6 |
| Castela e Mancha | 94,4 | 36,5 | 94,4 | 36,5 | - | - | - | - | 0,6 | 0,2 | 4,7 | 1,8 | 158,7 | 61,4 | 99,7 | 235,4 |
| Castela e León | 204,5 | 45,6 | 204,5 | 45,6 | - | - | - | - | 32,2 | 7,2 | 61,0 | 13,6 | 150,7 | 33,6 | 297,7 | 66,4 |
| Cataluña | 1.719,0 | 48,0 | 510,8 | 14,3 | 1.203,7 | 33,6 | 4,5 | 0,1 | 111,7 | 3,1 | 1.280,5 | 35,2 | 489,6 | 13,7 | 3.091,2 | 86,3 |
| C. Valenciana | 224,4 | 13,6 | 129,5 | 8,0 | 93,6 | 5,8 | 1,3 | 0,1 | 161,9 | 9,3 | 195,5 | 12,0 | 1.054,8 | 64,8 | 571,8 | 35,2 |
| Estrémadura | 321,5 | 72,9 | 321,3 | 72,8 | 0,3 | 0,1 | - | - | 5,7 | 1,3 | 46,6 | 10,6 | 67,2 | 15,2 | 373,8 | 84,8 |
| Galicia | 263,6 | 46,5 | 253,6 | 44,7 | - | - | 10,1 | 1,8 | 56,0 | 9,9 | 11,6 | 2,0 | 236,1 | 41,6 | 331,3 | 86,4 |
| Madrid | 72,4 | 20,4 | 65,0 | 18,4 | 7,4 | 2,1 | - | - | 70,8 | 20,0 | 46,7 | 13,2 | 164,6 | 46,4 | 189,8 | 53,6 |
| Murcia | 31,0 | 21,5 | 30,8 | 21,4 | - | - | 0,2 | 0,1 | 4,0 | 2,8 | 48,2 | 33,4 | 61,2 | 42,4 | 83,2 | 57,6 |
| Navarra | 80,8 | 66,5 | 80,8 | 66,5 | - | - | - | - | 3,6 | 3,0 | 0,2 | 0,2 | 37,0 | 30,4 | 84,6 | 144,4 |
| Pas Vasco | 83,3 | 40,9 | 15 | 0,7 | 73,0 | 35,8 | 8,8 | 4,3 | 14,2 | 7,0 | 17,0 | 8,3 | 89,4 | 43,8 | 114,5 | 56,2 |
| A Rioxa | 23,0 | 16,3 | 23,0 | 16,3 | - | - | - | - | 1,1 | 0,8 | 1,5 | 1,1 | 115,2 | 81,8 | 25,6 | 140,8 |
| Total | 3.465,3 | 36,4 | 2.031,6 | 21,3 | 1.378,0 | 14,5 | 55,7 | 0,6 | 584,1 | 6,1 | 2.054,4 | 21,6 | 3.415,3 | 35,9 | 6.103,9 | 64,1 |

(1)segundo dato de apertura das ofertas
Fonte: SEOPAN

CADRO 3.4.5.

Vendas e consumo de cemento 2001-02

| | Vendas | | | Consumo | | |
|----------------|-------------------|-------------------|------------|-------------------|-------------------|------------|
| | 2001 | 2002 | 02/01 | 2001 | 2002 | 02/01 |
| | (en Tm.) | (%) | | (en Tm.) | (%) | |
| A Coruña | 988.383 | 987.941 | 0,0 | 988.383 | 987.941 | 0,0 |
| Lugo | 347.260 | 306.747 | -11,7 | 347.261 | 306.748 | -11,7 |
| Ourense | 209.892 | 203.993 | -2,8 | 209.892 | 203.999 | -2,8 |
| Pontevedra | 1.027.233 | 1.092.787 | 6,4 | 1.174.231 | 1.264.403 | 7,7 |
| Total | 2.572.768 | 2.591.468 | 0,7 | 2.719.767 | 2.763.091 | 1,6 |
| España | 39.482.986 | 41.305.657 | 4,6 | 42.150.572 | 44.119.801 | 4,7 |
| G/E (%) | 6,5 | 6,3 | | 6,5 | 6,3 | |

Fonte: OFICEMEN

administracións autonómicas a súa licitación aumentou un 38,5%. No caso da obra civil o aumento experimentado na administración galega foi do 31,8% fronte ó 51,7% no conxunto das administracións, mentres que a licitación no caso do total edificación experimentou unha caída do 73,2% na comunidade galega, fronte ó incremento 19,9% no conxunto de tódalas administracións autonómicas.

Respecto ó **consumo de cemento**, tanto Galicia como o conxunto do Estado presentaron ó longo do ano 2002 unha ralentización no seu crecemento. En Galicia, a consumo de cemento medrou un incremento do 1,6% respecto ó ano anterior (10,1% en 2001) mentres que no conxunto do Estado, esta medra foi do 4,7% (9,7% en 2001). Atendendo ó peso relativo no total estatal, as 2.763,1 miles de toneladas consumidas en Galicia representan o 6,3% do consumido en España (**cadro 3.4.5.**).

O devandito cadro amosa que Pontevedra foi a única provincia que rexistrou una medra do consumo de cemento. Logo dun crecemento do 7,7% respecto ó ano 2001, o seu consumo de cemento acadou as 1.264,4 miles de toneladas (45,8% do consumo en Galicia), superando A Coruña, con 987,9 miles de toneladas (35,8%). Asemade, cómpre salientar que a provincia de Lugo presentou unha caída do consumo de cemento do 11,7% respecto ó ano anterior, sendo do 2,8% en Ourense.

Respecto á evolución das **vendas de cemento**, estas ascenderon a 2.591,5 miles de toneladas (un 0,7% máis que en 2001) o que representa o

6,3% do total estatal. A provincia de Pontevedra rexistrou unha medra no seu volume total de ventas do 6,4% respecto ó ano anterior, acadando as 1.092,8 miles de toneladas (o 42,2% das ventas galegas).

Datos de vivenda

En canto á **construcción de vivendas**, os datos do **cadro 3.4.6.** amosan un aumento no número de vivendas rematadas (un 13,4% respecto ó ano 2001) e visadas (un 9,1%), namentres que no caso das vivendas iniciadas, este descende un 4,8%. Esta mesma tendencia rexístrase no caso das vivendas libres, mentres que nas vivendas protexidas rexístrase unha caída tanto no caso das vivendas iniciadas como nas rematadas e visadas.

Ó contrario do acontecido en Galicia, no conxunto do Estado prodúcese unha medra no número total de vivendas iniciadas, así como nas vivendas libres iniciadas e nas vivendas visadas de protección oficial.

Os **datos xerais** de vivenda en Galicia recollidos no **cadro 3.4.7.** amosan que o número de edificios de nova planta a construír en Galicia ascendeu a 8.111 (7.390 edificios residenciais) cunha superficie media a construír de 5.506 miles de metros cadrados (en edificación residencial 4.910 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír ascendeu a 24.756 (2.192 máis que en 2001).

Xunto a esta edificación de nova planta, no último ano había un total de 1.458 edificios a

CADRO 3.4.6.

Construcción de vivendas en Galicia e España 2001-02

Vivendas iniciadas

| | Galicia | | | España (1) | | |
|-------|-----------|--------|--------|------------|--------|-------|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| 2001 | 3.684 | 27.049 | 30.733 | 48,8 | 475,1 | 523,9 |
| 2002 | 2.443 | 26.812 | 29.255 | 43,9 | 499,1 | 543,0 |
| 02/01 | -33,7 | -0,9 | -4,8 | -10,0 | 5,1 | 3,6 |

Vivendas rematadas

| | Galicia | | | España | | |
|-------|-----------|--------|--------|-----------|--------|-------|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| 2001 | 2.882 | 25.649 | 28.531 | 52,8 | 452,2 | 505,0 |
| 2002 | 2.529 | 29.824 | 32.353 | 38,9 | 480,9 | 519,8 |
| 02/01 | -12,2 | 16,3 | 13,4 | -26,3 | 6,3 | 2,9 |

Vivendas visadas

| | Galicia | | | España | | |
|-------|-----------|--------|--------|-----------|--------|-------|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| 2001 | 2.426 | 27.880 | 30.306 | 38,7 | 511,8 | 550,5 |
| 2002 | 1.107 | 31.915 | 33.055 | 50,0 | 573,1 | 623,1 |
| 02/01 | -54,4 | 14,5 | 9,1 | 29,2 | 12,0 | 13,2 |

(1) os datos de España están en miles

Fonte: IGE, INE

CADRO 3.4.7.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2001-02: datos xerais

| | Galicia | | España | |
|------------------------------------|---------------|---------------|----------------|----------------|
| | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 |
| Edificación de nova planta | | | | |
| Edificios a construir | | | | |
| Residencial | 6.720 | 8.111 | 148.775 | 146.950 |
| Non residencial | 5.978 | 7.390 | 132.942 | 131.249 |
| | 742 | 721 | 15.833 | 15.701 |
| (en miles m ²) | | | | |
| Superficie a construir | 5.091 | 5.506 | 86.049 | 85.757 |
| Residencial | 4.379 | 4.910 | 67.626 | 69.486 |
| Non residencial | 712 | 596 | 18.423 | 16.271 |
| Vivendas a construir | 22.564 | 24.756 | 397.389 | 407.910 |
| Obras de rehabilitación | | | | |
| Edificios a rehabilitar | | | | |
| Residencial | 1.660 | 1.458 | 26.946 | 27.985 |
| Vivendas creadas en rehabilitación | 946 | 713 | 15.236 | 14.160 |
| Obras de rehabilitación | | | | |
| Edificios a demoler | | | | |
| Residencial | 513 | 398 | 11.905 | 12.912 |
| Vivendas a demoler | 967 | 841 | 16.018 | 16.195 |
| Total vivendas | 22.543 | 24.628 | 396.607 | 405.875 |

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

rehabilitar (713 vivendas creadas en rehabilitación) e 398 edificios a demoler (841 vivendas).

En relación ós visados de dirección de obra nova en 2002, o número de edificios ascendeu a 7.685 (un 15,2% superior á do ano anterior) dos que 7.133 corresponderon a vivendas, sendo a superficie total a construír de 5.975,6 miles de metros cadrados (un 8,8% máis que en 2001) dos

que 5.126,3 miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presuposto de execución acadou os 1.577,7 millóns de euros (un 22,5% superior á do ano anterior), dos que 1.351,2 millóns de euros corresponderon a vivendas.

Respecto ós visados de dirección de obras de ampliación, o **cadro 3.4.9.** amosa que o número total de visados foi de 503 (74 visados menos

CADRO 3.4.8.

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2001-02: obra nova

| | Galicia | | | España | | |
|---------------------------------|-------------------|-------------|--------------|-------------------|--------------|--------------|
| | 2001 | 2002 | 02/01 (%) | 2001 | 2002 | 02/01 (%) |
| Total edificios | 6.673 | 7.685 | 15,2 | 180.361 | 178.823 | -0,9 |
| Vivendas | 6.149 | 7.133 | 16,0 | 166.494 | 166.558 | 0,0 |
| Servicios comerciais | 172 | 177 | 2,9 | 5.867 | 4.757 | -18,9 |
| Outros | 352 | 375 | 6,5 | 8.000 | 7.508 | -6,2 |
| | (m ²) | | | (m ²) | | |
| Superficie a construir | 5.493.674 | 5.975.588 | 8,8 | 104.288.572 | 107.390.172 | 3,0 |
| Vivendas | 4.687.798 | 5.126.327 | 9,4 | 82.557.473 | 85.909.400 | 4,1 |
| Servicios comerciais | 255.974 | 172.054 | -32,8 | 7.329.381 | 6.435.979 | -12,2 |
| Outros | 549.902 | 677.207 | 23,2 | 14.401.718 | 15.044.793 | 4,5 |
| | (en miles de €) | | | (en miles de €) | | |
| Presupuesto de ejecución | 1.288.142,0 | 1.577.715,2 | 22,5 | 29.221.528,3 | 31.275.430,9 | 7,0 |
| Vivendas | 1.125.985,2 | 1.351.177,0 | 20,0 | 23.331.807,5 | 25.468.352,5 | 9,2 |
| Servicios comerciais | 40.948,5 | 29.847,5 | -27,1 | 1.776.406,6 | 1.390.620,7 | -21,7 |
| Outros | 121.208,3 | 196.690,7 | 62,3 | 4.113.314,2 | 4.416.457,7 | 7,4 |

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

CADRO 3.4.9.

Visados de dirección de obras en Galicia e España 2001-02: obras de ampliación e reforma ou restauración

| | Galicia | | | España | | |
|---|-------------------|----------|--------------|-------------------|-------------|--------------|
| | 2001 | 2002 | 02/01 (%) | 2001 | 2002 | 02/01 (%) |
| Obras de ampliación | | | | | | |
| Total edificios | 577 | 503 | -12,8 | 13.519 | 10.177 | -24,7 |
| Vivendas | 433 | 353 | -18,5 | 9.389 | 6.545 | -30,3 |
| Outros | 144 | 150 | 4,2 | 4.130 | 3.632 | -12,1 |
| | (m ²) | | | (m ²) | | |
| Superficie a construir | 182.476 | 217.961 | 19,4 | 3.049.011 | 2.530.328 | -17,0 |
| Vivendas | 86.972 | 86.749 | -0,3 | 1.197.366 | 893.901 | -25,3 |
| Outros | 95.504 | 131.212 | 37,4 | 1.851.645 | 1.636.427 | -11,6 |
| | (en miles de €) | | | (en miles de €) | | |
| Presupuesto de ejecución | 42.092,7 | 49.893,8 | 18,5 | 814.837,9 | 746.816,2 | -8,3 |
| Vivendas | 23.706,1 | 23.974,6 | 1,1 | 345.489,1 | 273.493,7 | -20,8 |
| Outros | 18.386,6 | 25.919,2 | 41,0 | 469.348,8 | 473.322,5 | 0,8 |
| Obras de reforma e/ou restauración | | | | | | |
| Total edificios | 930 | 919 | -1,2 | 28.766 | 28.574 | -0,7 |
| Vivendas | 692 | 645 | -6,8 | 21.924 | 21.031 | -4,1 |
| Outros | 238 | 274 | 15,1 | 6.842 | 7.543 | 10,2 |
| | (en miles de €) | | | (en miles de €) | | |
| Presupuesto de ejecución | 77.328,0 | 90.145,9 | 16,6 | 1.817.615,2 | 1.966.540,0 | 8,2 |
| Vivendas | 34.573,9 | 55.902,2 | 61,7 | 822.233,6 | 835.070,5 | 1,6 |
| Outros | 42.754,1 | 34.243,7 | -19,9 | 995.381,6 | 1.131.469,5 | 13,7 |

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

CADRO 3.4.10.

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2001-02

| | Galicia | | España | |
|--|-----------|-----------|--------------|--------------|
| | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 |
| Nº de certificados | 2.831 | 3.016 | 73.206 | 76.542 |
| Nº de edificios | 3.268 | 3.904 | 113.999 | 121.363 |
| Promotor privado | 3.256 | 3.850 | 112.911 | 119.946 |
| Personas físicas e Comunidades de propietarios | 1.870 | 1.948 | 48.928 | 48.509 |
| Sociedades mercantil | 1.331 | 1.818 | 58.554 | 67.058 |
| Cooperativas | 3 | 10 | 3.357 | 2.104 |
| Outros | 52 | 74 | 2.072 | 2.275 |
| Administracións públicas | 12 | 54 | 1.088 | 1.417 |
| Nº de vivendas | 17.652 | 20.723 | 365.663 | 426.739 |
| Promotor privado | 17.611 | 20.622 | 362.685 | 423.502 |
| Personas físicas e Comunidades de propietarios | 2.899 | 3.325 | 74.600 | 66.509 |
| Sociedades mercantil | 14.587 | 17.131 | 274.623 | 344.283 |
| Cooperativas | 78 | 63 | 9.091 | 6.134 |
| Outros | 47 | 103 | 4.371 | 6.576 |
| Administracións públicas | 41 | 101 | 2.978 | 3.237 |
| (en miles de €) | | | | |
| Valor liquidación da execución. Material das obras | 769.972,0 | 942.964,8 | 18.613.081,3 | 23.557.999,2 |

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

CADRO 3.4.11.

Prezos medios do m² das vivendas nas CC.AA. 2001-02

| | 2001 | 2002 | 02/01 | 90 m ² / RFBD (1) | |
|------------------|----------|----------|-------|------------------------------|-------|
| | (en €) | | (%) | 2001 | 2002 |
| Andalucía | 770,84 | 914,97 | 18,7 | 7,75 | 8,59 |
| Aragón | 878,26 | 1.013,62 | 15,4 | 5,89 | 6,55 |
| Asturias | 877,44 | 985,89 | 12,4 | 7,43 | 7,62 |
| Baleares | 1.358,51 | 1.525,95 | 12,3 | 9,27 | 10,07 |
| Canarias | 1.093,01 | 1.218,04 | 11,4 | 9,47 | 10,86 |
| Cantabria | 1.013,57 | 1.183,22 | 16,7 | 8,12 | 9,00 |
| Castela-A Mancha | 576,56 | 681,00 | 18,1 | 5,15 | 5,73 |
| Castela e León | 905,95 | 1.012,56 | 11,8 | 6,81 | 7,14 |
| Cataluña | 1.353,63 | 1.553,95 | 14,8 | 8,94 | 9,64 |
| C. Valenciana | 748,21 | 877,26 | 17,2 | 5,74 | 6,42 |
| Estremadura | 505,06 | 557,26 | 10,3 | 5,11 | 5,26 |
| Galicia | 717,92 | 800,08 | 11,4 | 6,11 | 6,39 |
| Madrid | 1.604,84 | 1.973,78 | 23,0 | 10,23 | 12,09 |
| Murcia | 626,72 | 747,40 | 19,3 | 6,08 | 6,85 |
| Navarra | 1.135,07 | 1.290,22 | 13,7 | 7,46 | 8,07 |
| País Vasco | 1.650,61 | 1.900,44 | 15,1 | 10,92 | 11,68 |
| A Rioxa | 926,28 | 1.061,41 | 14,6 | 6,09 | 6,80 |
| Total | 1.046,91 | 1.220,93 | 16,6 | 7,71 | 8,53 |

(1) RFBD= Renda familiar bruta disponible por habitante

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Fomento e Funcas

que no ano 2001) dos que 353 visados corresponden a vivendas. A superficie total a construír ascendeu a 217.961 metros cadrados, un 19,4% superior á de 2001, e o presupuesto de execución a 49.893,8 miles de euros, un 18,5% superior ó do ano anterior.

No concernente ós visados de obras de reformas e/ou restauración, o devandito **cadro 3.4.9.** reflicte que se concederon un total de 919 visados, 11 visados menos que no ano 2001. O presupuesto de execución experimentou un crecemento do 16,6% respecto ó existente en 2001, acadando un valor de 90.145,9 miles de euros.

O **cadro 3.4.10.** recolle a medra do 6,5% experimentada polo número de certificacións fin de obra en Galicia, acadando os 3.016 certificados, o que representa o 3,9% do número de certificados totais en España. O número total de edificios ascendeu a 3.904 (un 19,5% máis que no ano 2001), dos que 3.850 corresponden a promotores privados e 54 a administracións públicas. O número de vivendas foi de 20.723 (20.622 corresponde a promotores privados).

No concernente ó **prezo medio** do metro cadrado da vivenda en Galicia, o **cadro 3.4.11.** amosa que este ascendeu a 800,08 euros no ano

2002, un 11,4% superior ó rexistrado no ano precedente. Comparado co total estatal (o prezo medio medrou un 16,6% para situarse nos 1.220,93 euros), o prezo medio da vivenda en Galicia é un 34,5% inferior.

Respecto ó prezo medio existente nas outras comunidades autónomas, Galicia é a cuarta comunidade co menor prezo medio por metro cadrado, sendo superada por Estremadura (557,26 euros), Castela A Mancha (681,00 euros) e Murcia (747,40 euros). Asemade, o devandito **cadro 3.4.11.** amosa que Galicia rexistra o segundo menor crecemento do prezo medio da vivenda, cun 11,4% respecto ó prezo de 2001 (10,3% en Estremadura).

Se consideramos que a vivenda tipo ten unha superficie de 90 metros cadrados, o devandito cadro reflicte que, dada a renda familiar bruta dispoñible, as galegas e galegos necesitarían un total de 6,39 anos, como media, para pagar unha vivenda. Este tempo é inferior ó necesario polo conxunto de españois como media (8,53 anos), sendo a terceira comunidade onde se tardaría menos tempo en financiar unha vivenda (Estremadura, 5,26 anos e Castela A Mancha, 5,73 anos).

Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán, o sector da construción está formado no ano 2001 por un total de 3.709 empresas, que presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 2.041,4 millóns de euros. Comparado coa situación empresarial do conxunto de empresas de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 29,0% das empresas e xera o 22,2% do VEB a custo de factores.

As actividades máis importantes que comprende o grupo, recollidas no **cadro 3.4.12.**, son as de contratistas xerais e as de promotores de obras, con 1.093 e 428 empresas, respectivamente. En conxunto, estes dous grupos de actividades xeran o 46,1% do total de ingresos de explotación do sector e o 42,1% do valor engadido bruto a custo de factores.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro C.3.26.** (*Sector construcción e obras públicas 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*), é A Coruña cun total de 353,8 millóns de euros, un 11,8% más que no ano anterior, seguido de Vigo e Pontevedra, cun valor engadido bruto xerado de 266,3 e 190,1 millóns de euros, respectivamente. Entre os tres núcleos de localización acollen o 39,7% do VEB total xerado polas empresas constructoras analizadas.

Respecto á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 3.4.13.** reflicte que o ano 2001 foi un bo ano para o conxunto de empresas consideradas ó presentar unha medra do seu resultado neto do exercicio do 18,1%, así como un incremento do resultado de actividades ordinarias superior ó 20%.

O crecemento do VEB a custo de factores no ano 2001 medrou un 16,5%, e os ingresos de explotación, un 18,0% polo que o peso relativo do VEB descende dende o 27,69% de 2000 ata o 27,33% do ano 2001.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.4.14.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 23,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.544,8 millóns de euros, un 32,4% superior ó existente no ano anterior. O 76,6% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 39,0% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 21,9% respecto ó ano anterior, supoñen o 23,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 17,9%, cun peso relativo do 14,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 8.276,6 millóns de euros, un 16,5% superior ó valor de 2000, dos que 1.679,5 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 10,9% superior respecto ó ano anterior). Os 6.597,1 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 18,1% con relación a 2000.

CADRO 3.4.12.

Sector construcción e obras públicas 2001: actividades que comprende o grupo

| Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|--|-------------------------|----------------|----------------|--------------|--------------------|
| | | | | | (en millones de €) |
| Extracción de gravas e areas | 37 | 61,6 | 23,8 | 8,6 | 80,5 |
| Fabricación de cemento e formigón | 106 | 400,2 | 119,8 | 50,3 | 375,6 |
| Fabr. Ladr.,Tellas Y Prod.Terras Cocid. Const. | 16 | 37,0 | 15,3 | 6,2 | 58,3 |
| Fabricación de vidrio e productos de vidrio | 13 | 29,1 | 6,9 | 2,0 | 16,7 |
| Fabr. Outros ptos para a construcción | 9 | 14,5 | 4,3 | 0,8 | 19,2 |
| Traballos de carpintería metálica | 318 | 470,7 | 144,7 | 22,9 | 329,5 |
| Promotores de obras | 428 | 1.167,6 | 274,2 | 113,4 | 2.752,2 |
| Contratistas xerais | 1.093 | 2.278,8 | 585,5 | 104,9 | 2.372,4 |
| Construccións pesadas | 74 | 698,4 | 149,1 | 29,9 | 695,6 |
| Instalacións eléctricas | 288 | 392,2 | 141,6 | 17,7 | 253,3 |
| Fontanería, calefacción e aire acondicionado | 198 | 263,6 | 82,4 | 10,0 | 160,1 |
| Albañilería | 101 | 50,4 | 21,6 | 2,1 | 30,3 |
| Traballos de aislamento acústico e térmico | 38 | 33,6 | 12,0 | 1,4 | 21,3 |
| Carpintería | 71 | 53,7 | 17,2 | 1,9 | 29,2 |
| Acrystalamento e pintura | 86 | 80,3 | 35,4 | 4,6 | 44,7 |
| Excavacións e cimentos | 91 | 102,7 | 37,9 | 12,6 | 98,7 |
| Traballos de derribo | 13 | 12,7 | 6,6 | 1,6 | 9,2 |
| Actividades de revestimentos de solos | 90 | 81,4 | 30,0 | 4,8 | 45,8 |
| Outros contratistas especializados | 91 | 167,0 | 67,1 | 11,3 | 129,4 |
| Distr. Mai. Materiais para a construcción | 245 | 686,3 | 82,3 | 23,1 | 449,0 |
| Distr. Min. Materiais para a construcción | 106 | 101,5 | 15,7 | 2,5 | 60,9 |
| Serv. Alquiler e instal. Equipo para constr. | 42 | 79,4 | 32,5 | 11,2 | 87,9 |
| Servicios de limpeza e conservación de edificios | 43 | 93,8 | 81,9 | 1,3 | 43,4 |
| Serv. Técnicos arquit. e inxen. e activ. Relac. | 112 | 111,9 | 53,6 | 9,4 | 113,3 |
| Total | 3.709 | 7.468,2 | 2.041,4 | 454,6 | 8.276,6 |
| Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%) | 29,0 | 16,2 | 22,2 | 19,0 | 23,3 |

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.13.

Evolución da actividad no sector construcción e obras públicas 2000-01: ingresos, custos e resultados

| | 2000 | | 2001 | | 01/00 |
|---|--------------------|------------|--------------------|------------|--------------|
| | (en millones de €) | (%) | (en millones de €) | (%) | (%) |
| Ingresos de explotación | 6.330,0 | 100 | 7.468,2 | 100 | 18,0 |
| Consumo e outros gastos de explotación | 4.577,2 | 72,31 | 5.426,8 | 72,67 | 18,6 |
| Valor engadido bruto a custo dos factores | 1.752,7 | 27,69 | 2.041,4 | 27,33 | 16,5 |
| Gastos de persoal | 1.172,2 | 18,52 | 1.331,9 | 17,83 | 13,6 |
| Resultado económico bruto da explotación | 580,6 | 9,17 | 709,5 | 9,50 | 22,2 |
| Amortizacións | 131,5 | 2,08 | 156,5 | 2,10 | 19,0 |
| Resultado económico neto da explotación | 449,1 | 7,09 | 553,0 | 7,40 | 23,1 |
| Resultado financeiro | -75,9 | -1,20 | -100,6 | -1,35 | -32,5 |
| Ingresos financeiros | 39,4 | 0,62 | 49,5 | 0,66 | 25,6 |
| Gastos de persoal | 115,3 | 1,82 | 150,1 | 2,01 | 30,1 |
| Resultado de actividades ordinarias | 373,1 | 5,89 | 452,4 | 6,06 | 21,2 |
| Resultado de actividades extraordinarias | 33,6 | 0,53 | 28,1 | 0,38 | -16,4 |
| Resultado antes de impostos | 406,8 | 6,43 | 480,5 | 6,43 | 18,1 |
| Impostos | 132,6 | 2,10 | 156,8 | 2,10 | 18,2 |
| Resultado neto do exercicio | 274,2 | 4,33 | 323,7 | 4,33 | 18,1 |
| Cash-flow | 392,4 | 6,20 | 454,6 | 6,09 | 15,8 |

Fonte: Ardán

■ CADRO 3.4.14.

Evolución do investimento e do financiamento no sector construcción e obras públicas 2000-01

| | 2000 | | 2001 | | 01/00 (%) |
|--|-------------------|-------|-------------------|-------|--------------|
| | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | (%) | |
| Activo total | 7.101,75 | 100 | 8.276,60 | 100 | 16,5 |
| Activo fixo (neto) | 1.514,53 | 21,33 | 1.679,48 | 20,29 | 10,9 |
| Gastos amortizables | 19,67 | 0,28 | 21,53 | 0,26 | 9,4 |
| Inmobiliizado inmaterial | 163,19 | 2,30 | 182,50 | 2,20 | 11,8 |
| Inmobiliizado material | 927,18 | 13,06 | 1.025,15 | 12,39 | 10,6 |
| Outro inmobiliizado | 397,50 | 5,60 | 443,65 | 5,36 | 11,6 |
| Outro activo fixo | 6,99 | 0,10 | 6,66 | 0,08 | -4,6 |
| Circulante neto | 5.587,22 | 78,67 | 6.597,11 | 79,71 | 18,1 |
| Existencias | 2.807,85 | 39,54 | 3.215,29 | 38,85 | 14,5 |
| Debedores | 2.239,36 | 31,53 | 2.692,44 | 32,53 | 20,2 |
| Tesourería | 333,39 | 4,69 | 395,31 | 4,78 | 18,6 |
| Outro activo circulante | 206,62 | 2,91 | 294,07 | 3,55 | 42,3 |
| Fontes de financiamento | 7.101,75 | 100 | 8.276,60 | 100 | 16,5 |
| Financiamento permanente | 2.681,33 | 37,76 | 3.224,28 | 38,96 | 20,2 |
| Fondos propios | 1.622,83 | 22,85 | 1.977,76 | 23,90 | 21,9 |
| Recursos alleos I/p | 1.032,94 | 14,54 | 1.217,51 | 14,71 | 17,9 |
| Ingresos distribuídos en varios exercicios | 25,56 | 0,36 | 29,02 | 0,35 | 13,5 |
| Acreedores a curto plazo | 4.420,42 | 62,24 | 5.052,31 | 61,04 | 14,3 |
| Fondo de rotación | 1.166,80 | 16,43 | 1.544,80 | 18,66 | 32,4 |

Fonte: Ardán

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.25.** (*Sector construcción e obras públicas 2000-01: estudio económico-financeiro*) reflicte unha importante aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso, respecto ós ingresos, do VEB a custo de factores e unha caída da relación dos gastos de persoal/ingresos. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 5,8 puntos superior, que no caso da evolución do VEB e dos gastos de persoal sobre os ingresos ascende a 6,1 puntos porcentuais.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos aumentan no ano 2001, sendo superiores ás rexistradas polas 12.784 empresas galegas analizadas consideradas no seu conxunto. O devandito **cadro C.3.25.** amosa que a rendibilidade económica acadou en 2001 ó 6,53% fronte ó 6,14% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, as porcentaxes foron do 19,25% e do 15,22% no caso das empresas do sector da construcción e no caso global de Galicia, respectivamente. ■